



CONVOCATORIA MOBILIDADES DE LONGA DURACIÓN - ERASMUS+

CURSO 2024/25

1 praza para alumnado de 4º da ESO e 1º de BACH

2024-1-ES01-KA121-SCH-000213720

OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao alumnado de 4º ESO e 1º Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades de longa duración Erasmus+ que se realizarán durante o curso 24/25.

As mobilidades de longa duración permiten aos estudantes desenvolver a comprensión da diversidade de culturas e linguas europeas, ao tempo que lles axudan a adquirir as competencias necesarias para o seu desenvolvemento persoal. Por este motivo, promóvese **unha praza de longa mobilidade (aproximadamente 4 semanas) para alumnas/os de 4º da ESO e 1º de Bacharelato**. A estancia desenvolverase **nun centro de educación secundaria** da localidade de **Châteaulin (Francia)** nos meses de **febreiro/marzo de 2025**.

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o luns 07 de outubro de 2024**, data da publicación desta convocatoria, **ata o mércores 09 de outubro**, ambos inclusive.

SOLICITUDES:

Para poder participar nas mobilidades Erasmus+ do presente curso 2024/25:

1. Será necesario cumprimentar, durante o prazo designado, o [formulario](#) elaborado para tal fin. (ao que se pode acceder mediante o QR que se atopa na última páxina da convocatoria).
2. Superar o proceso selectivo.
3. Superar a entrevista persoal.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- O alumnado interesado deberá estar matriculado/a en 4º da ESO ou 1º de BACH do IES JOHAN CARBALLEIRA.
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.
- O/a estudante deberá ter un grao de madurez axeitado, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito esta experiencia.

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN:

Quedarán excluídos do proceso de selección:

- As persoas que non cumpran os requisitos da convocatoria.
- O alumnado que teña sido obxecto de expulsión temporal do centro ou acumulara 2 ou máis faltas de orde dende setembro de 2024.
- As persoas que non presenten o formulario de solicitude no prazo e forma indicados sen causa legalmente xustificada.



FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	2 ptos	Valorarase obtendo a nota media final do curso anterior do seguinte xeito: Entre 9,51 e 10: 2 ptos Entre 9 e 9,5: 1,5 pto 8 ou máis: 1 pto
Competencia lingüística en idiomas estranxeiros	3 ptos	Valorarase obtendo a nota final na materia da 1ª lingua estranxeira 10: 1 pto 9: 0,75 ptos 8: 0,5 ptos Valorarase obtendo a nota final obtida na materia da 2ª lingua estranxeira 10: 1 pto 9: 0,75 ptos 8: 0,5 ptos A maiores unha acreditación oficial* sumará: Nivel Competencia B2 ou superior: 1 punto Nivel de Competencia B1: 0,5 puntos Nivel de Competencia A2: 0,25 puntos
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade mediante cuestionario.	2 pts	Cuestionario realizado polo profesorado e valorado polo Comité de Avaliación de mobilidades (competencias sociais e comunicativas, autonomía persoal, traballo en equipo, facilidade para adaptarse a distintas situacións, compromiso coas tarefas, puntualidade, implicación en actividades...).
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade mediante entrevista no idioma do país de destino.	3 pts	Entrevista realizada en francés por un ou máis membros do Comité de Valoración de Mobilidades Erasmus+ do IES Johan Carballeira (motivación, fluidez e capacidade de comprensión no idioma do país de destino,...)
Ser beneficiario de beca ANEAE ou ter condicións persoais que convirta ao candidato/a en participante con menos oportunidades.	1 pto	Necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais ou de historia escolar.

* A documentación oficial que acredite o nivel de idioma, enviarase ao enderezo electrónico: erasmus.escolar@iesjohancaralleira.com entre o 07 e o 09 de outubro, ambos incluídos.



COMITÉ DE AVALIACIÓN

A Comité que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS+ para as MOBILIDADES ERASMUS+ estará constituída por:

- Un membro do equipo directivo.
- Dous membros do equipo de programas internacionais.
- Un docente de Linguas Estranxeiras.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS.

Vistos os resultados do proceso selectivo, o Comité de Valoración confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

A listaxe provisional farase pública no taboleiro de anuncios do centro e na web o **venres 11 de outubro de 2024**.

Poderanse remitir **alegacións** a esta listaxe ata as **14.00h do martes 15 de outubro do 2024**. Unha vez rematado o período de alegacións, o **mércoles 16 de outubro de 2024**, farase pública a **listaxe definitiva** nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

REXEITAMENTO DA BOLSA:

En caso de que un/ha alumno/a, depois de ter sido seleccionado/a decida renunciar á súa participación no programa sen causa xustificada, deberá asumir o reembolso do importe correspondente aos gastos xa efectuados no seu nome polo Equipo de Programas Internacionais. O obxectivo de tal medida é facer posible que outro/a alumno/a poida beneficiarse da bolsa e aproveitar a oportunidade ofrecida.



Enlace ao [formulario](#)